



PATRICIA OTERO

PATRICIA OTERO



Patricia Otero (Marín, 1980) é profesora de Pintura e Arteterapeuta. Especialista en Terapia Xestáltica e Psicoanalítica, desempeña o seu labor desde fai case vinte anos, os últimos dez desde o seu centro Celta ArteCultura, na súa localidade natal. Alí expón anualmente e, durante esta última década, tamén no Museo Municipal Manuel Torres, xunto con boa parte do seu alumnado. Por mor da súa limitada produción non é ata o de agora cando decide exhibir a súa primeira colección de maneira individual, titulada *Delirios y violetas*.

En canto á técnica podemos dicir que se trata de óleo sobre lenzo, táboa fina ou espello e técnicas mixtas. O estilo é figurativo. A súa pintura reflicte, fundamentalmente, estados emocionais de grande intensidade, coa figura humana como gran protagonista. O conxunto plasma un sentido trágico da existencia, moi unamuniano en certo modo. Pero tamén pode percibirse un halo esperanzador nese contexto predominantemente melancólico e depresivo, escenas de personaxes arquetípicos ou míticos en actitudes de confrontación emocional e moi alegóricas na maioría dos casos.

A mensaxe queda reflectida en parte neste poema do autor Richard Pazos:

DATAS E HORARIOS

Do 13 de xaneiro ao 29 de xaneiro de 2023

De luns a venres, de 9 a 20 h

Sábados, de 10 a 14 h e de 16 a 19 h

Domingos e festivos, de 10 a 14 h

LUGAR

Palacete das Mendoza. Sala de exposicións

Praza de Santa María, s/n

Pontevedra

“El sentido es siempre tragedia
en el espectro fulgurante.

El final, siempre por principios.

El delirio vino antes.

Toda esperanza tiene un filo.

Cada anhelo es ulcerante.

Si bien no declama el destino,
sólo queda lírica desesperante.”

Richard Pazos

